

# **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

**CURSO 2019-2020**

<b>CENTRO</b>	<b>IES MONELOS</b>
<b>CURSO</b>	<b>2º ESO</b>
<b>MATERIA</b>	<b>TECNOLOGÍA</b>
<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>TECNOLOGÍA</b>

## ÍNDICE

**1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

**2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**

**3.- Avaliación e cualificación final do curso.**

**4.- Información e publicidade.**

# **1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES**

## **1.1.- PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE**

Durante o primeiro e segundo trimestres, os alumnos/as foron avaliados segundo os contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e adquisición de competencias que figuran na programación da materia, aplicando os procedementos de avaliación descritos.

As cualificacións acadadas nestas avaliacións constitúen o dato máis importante para cualificar a materia neste curso.

## **1.2.- TERCEIRO TRIMESTRE**

O terceiro trimestre desta materia non se impartiu pola suspensión das clases o 13 de Marzo de 2020.

A falta de actividade lectiva presencial afecta profundamente aos contidos que se poden impartir e asimilar polo alumnado, polo que cómpre acoutar os estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias previstas na programación inicial.

Dese modo os **estándares de aprendizaxe** que se manteñen son:

- Representar circuitos eléctricos con simbología normalizada.
- Calcular magnitudes eléctricas en circuitos sinxelos en serie, paralelo e mixtos: resistencia total, intensidade, potencia, enerxía consumida.
- Realiza documentos con descripcións técnicas e exercicios resoltos, acompañadas de esquemas con simboloxía normalizada, usando como soporte un caderno/dossier persoal).
- Identifica as partes dun computador.
- Manexa programas e software básicos.
- Deseña e elabora aplicacións informáticas cun entorno de programación básico.

As **competencias** que se poden seguir adquirindo, definidas por algúns indicadores de logro, son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
  - Adquirir o vocabulario específico para comprender e interpretar mensaxes relativas á tecnoloxía e aos procesos tecnolóxicos
  - Utilizar a terminoloxía axeitada para redactar informes e documentos técnicos
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
  - Coñecer e comprender obxectos, procesos, sistemas e contornos tecnolóxicos
  - Coñecer e utilizar o proceso de resolución técnica de problemas e a súa aplicación para identificar e dar resposta a distintas necesidades
  - Resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas, referidas a principios e fenómenos físicos
- Competencia dixital (CD)

- Utilizar as tecnoloxías da información con seguridade e confianza para obter e reportar datos e para simular situacións e procesos tecnolóxicos
- Localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía
- Competencia de “aprender a aprender” (CAA)
  - Desenvolver estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos mediante a obtención a análise e a selección de información útil para abordar un proxecto
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
  - Desenvolver calidades persoais como a iniciativa, o espírito de superación, a perseveranza ante as dificultades, a autonomía e a autocrítica

## **2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE**

### **2.1.- METODOLOXÍA**

Dende o primeiro día de confinamento, a actividade lectiva organizouse para realizala a distancia, comunicándose o profesorado cos alumnos/as a través da Aula Virtual e mediante correo electrónico. Nos correspondentes cursos creáronse dous foros:

- Foro de novas: para informar ao alumnado das tarefas a realizar e outros asuntos de interese.
- Foro de dúbidas e preguntas: para que o alumnado poida expor dúbidas e estas sexan aclaradas.

As tarefas entréganse a través da aula virtual ou, cando o alumno/a por causas diversas debidamente xustificadas non pode entregalas empregando esta plataforma, por correo electrónico.

Cada tarefa inclúe instrucións, indicacións relativas á entrega, recursos e rúbrica de avaliación.

A corrección das tarefas realizase empregando o mesmo canle polo cal foron entregadas.

A comunicación privada co alumnado realízase por mensaxería a través da aula virtual ou por correo electrónico.

### **2.2.- MATERIAIS E RECURSOS**

#### **Materiais:**

- Libro de texto
- Apuntes elaborados pola profesora
- Material audiovisual e de información extraído de Internet, recomendado pola profesora

#### **Recursos:**

- Páxina web do centro e Aula Virtual
- Contas de correo e outros servizos web
- Equipos informáticos, de propiedade privada, de alumnado e profesora

O alumnado con dificultades de conectividade debe comunicar dita circunstancia á profesora e/ou titor/a para tela en conta e tratar de solventala.

O profesorado observará como se desenvolve a actividade para detectar aqueles alumnos/as que non se conectan ou non entregan as tarefas nos prazos indicados. Informarán desa circunstancia ao titor/a para poñelo en coñecemento das familias.

## **2.3.- ACTIVIDADES**

Serán de dous tipos:

- de recuperación (para casos particulares).
- de reforzo e ampliación (para todos os alumnos/as, incluídos os anteriores).

As actividades de recuperación serán comunicadas ao alumnado mediante correos privados, e as de reforzo - ampliación a través da Aula Virtual.

### **2.3.1.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS ANTERIORES SUSPENSAS**

A profesora indicará as actividades de recuperación aos alumnos/as que teñen suspensa a primeira e/ou a segunda avaliación.

Se as circunstancias sanitarias o permiten, realizaránse probas presenciais para grupos reducidos.

Se non se poden realizar probas presenciais, teranse en conta únicamente as outras actividades de recuperación.

### **2.3.2.- ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN**

Seguirán o seguinte procedemento:

1. Infórmase no “Foro de novas” do curso da aula virtual das tarefas a realizar semanalmente.
2. As tarefas inclúen instrucións relativas ao desenvolvemento, apuntes de elaboración propia, exemplos, exercicios resoltos, enlaces a recursos web de interese, etc. Inclúen tamén instrucións relativas á entrega e rúbrica de avaliación cando procede.
3. As preguntas ou dúbidas respóndense no “Foro de dúbidas e preguntas” ou mediante e-mail.
4. Corrección das tarefas e informe ao alumnado dos erros detectados para a súa revisión e corrección.
5. Repetición por parte do alumnado para corrixir os erros detectados. Devolución das tarefas corrixidas para ser revisadas de novo.
6. Corrección das tarefas empregando a rúbrica específica e informe ao alumnado do resultado de cada ítem da rúbrica.
7. As tarefas deben entregarse respectando os prazos e instrucións de entrega.
8. No caso das tarefas nas que se empreguen recursos externos (Code.org...) o alumnado non terá que entregar ningún documento xa que as aplicacións permiten facer un seguimento da realización da actividade achegando un informe de niveles completados.

## **3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

### **3.1.- AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE**

A avaliación das actividades realízase valorando o traballo desenvolvido e o nivel de calidade.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- O interese manifestado polo alumno/a (consulta de dúbidas, realización das correccións necesarias nas actividades...).
  - A realización progresiva das actividades, respectando os prazos de entrega.
  - A corrección dos erros e defectos indicados pola profesora.
  - A calificación obtida segundo a rúbrica de avaliación
- 
- **As actividades do 3ª trimestre serán valoradas entre 0 e un máximo de 1,5 puntos, en función dos criterios anteriores.**
  - **Non se valorará negativamente a falta de entrega (total ou parcial) das actividades propostas.**

### **3.2.- CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA DO CURSO**

A cualificación do alumnado seguirá o seguinte procedemento:

- 1) Obtención da nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións.  
A media calcularáse valorando previamente as actividades de recuperación realizadas.
- 2) Suma da nota media anterior máis a cualificación do 3º trimestre.

**A cualificación final nunca será inferior á nota media da 1ª e 2ª avaliación.**

### **3.3.- PROBA EXTRAORDINARIA**

Os alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, realizarán unha proba extraordinaria en Setembro, presencial, de tipo escrito.

- A proba abranguerá, exclusivamente, os contidos desenvolvidos no 1º e 2º trimestres, ata o 13 de Marzo de 2020.
- Nesta proba non se terá en conta a valoración do 3º trimestre.

## **4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

O alumnado e as familias serán informados destas modificacións por dous procedementos:

1. Mediante a publicación na páxina web do centro (departamento de Tecnoloxía).
2. Mediante publicación na Aula Virtual do apartado 3 (Avaliación e cualificación).